

"REGULAMENTO DAS BOLSAS DE APOIO Á ESCOLARIZACIÓN, CURSO 2017/2018"

APROBADAS POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 365/2017 DE 27/07/2017

1. CONCEPTO:

A Prestación consiste nunha axuda económica de pago único, destinada a afrontar os gastos que xera a dotación de libros, material escolar e equipamento e vestuario entre outros, cunha contía de 90,00 €/menor para o 2º ciclo de Ensino Infantil e **para os gastos extraordinarios en equipamento e vestuario que xera o inicio do curso escolar para alumnado de ensino primario e secundario nun importe de 70€/menor.**

2. FINALIDADE

A finalidade da axuda é a de promover o acceso ao ensino en condicións de igualdade e previr o risco de fracaso escolar, dos menores de familias con escasos recursos económicos, contribuíndo ao financiamento dos gastos de libros de texto, material escolar e dotación de vestuario e equipamento que xera o inicio do curso escolar.

3. CONTÍA

Establécese unha contía de 90,00 €/menor para o 2º ciclo de ensino Infantil e de 70€/menor para alumnado de ensino primario e secundario.

No caso de que o número de solicitudes (que cumpran os requisitos) sexa superior ó número de Bolsas previsto segundo o límite orzamentario concederanse aos que acaden maior puntuación na baremación das solicitudes ata o esgotamento do crédito dispoñible (establecido en 1.680,00€).

4. REQUISITOS:

- Ter **empadramento e residencia efectiva** no Concello de Pontecesures
- **Cursar estudos do 2º Ciclo de Educación Infantil (3-6),**
- **Cursar estudos de Ensino Primario ou Secundario,**
- **Non percibir outras Axudas polo mesmo concepto e finalidade** (para libros de texto, material infantil e equipamento e vestuario en Infantil e para outros gastos –roupa de rúa, roupa de deporte, calzado, mochilas ou carteiras,...- en Primaria e Secundaria) de outro organismo público ou privado, **cuxa suma supoña un importe igual ou superior ao dos gastos a realizar**
- Que os **Ingresos** da Unidade Familiar de convivencia independente **non superen no**

primeiro semestre do ano os límites económicos que se establecen no 110% SMI para dúas persoas, no 150% para 3, incrementado nun 15% por cada membro adicional; a efectos do computo dos Ingresos rexerán as seguintes normas:

. Os **ingresos computables** serán os netos, incluído o rateo das pagas extraordinarias se as houber, **habidos entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2017**.

. Computaranse todos os ingresos obtidos por todos os membros da Unidade familiar de convivencia, agás os obtidos con carácter finalista.

. No seu caso o importe do aluguer ou o pago de créditos hipotecarios detraeráse do total dos ingresos ata un máximo de 350€ mensuais.

Nº MUF	Máximo cómputo anual	Media mensual	Máximo semestre
2	10.898,58	908,22	5.449,29
3	14.861,70	1.238,48	7.430,85
4	16.347,87	1.362,32	8.173,94
5	17.834,04	1.486,24	8.917,44
6	19.320,21	1.610,02	9.660,11

No caso de que o número de solicitudes (que cumpran os requisitos) sexa superior ao número de Bolsas previsto, concederáse ás solicitudes que acaden maior puntuación na baremación, tendo preferencia en caso de empate as axudas para EI.

5. BAREMO AOS EFECTOS DE PRELACIÓN DAS SOLICITUDES:

Aos efectos de establecer a prelación de solicitudes aplicarase o seguinte baremo:

- Por cada membro da Unidade Familiar en idade escolar ou cursando estudos: 3 Ptos.
- Por cada tramo de 50€ por debaixo do límite de acumulación de recursos: 2 Ptos.
- Por cada membro da Unidade Familiar en situación de desemprego: 5 Ptos.
- Por outros factores sociais (RISGA, Proxectos de intervención,...) tecnicamente valorados: 5 Ptos

No caso de que no mesmo domicilio convivan outras unidades familiares e estas dispoñan de ingresos restaranse 5 puntos por cada tramo de 100€ que exceda do límite que se aplicaría de ser membros computables da unidade familiar.

6. DOCUMENTACIÓN:

- Solicitude segundo modelo
- DNI do/a Solicitante e membros da unidade familiar
- Libro de Familia
- Xustificante da matrícula acreditativa do curso escolar
- Xustificantes de ingresos de xaneiro a xuño do ano en curso (nóminas, certificados de prestacións e/ou pensións, ...) e, Copia cotexada da/s Declaración/s do IRPF do exercicio económico anterior e/ou Certificacións negativas do IRPF, de tódolos convivintes, sexan ou non membros computables.
- De ser o caso Recibo do Aluguer ou Xustificante do pago de empréstito para adquisición

da vivenda habitual

- Certificación bancaria do número de conta IBAN
- Declaración das axudas recibidas polos mesmos conceptos, segundo modelo

7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O Prazo de presentación de Solicitudes estará aberto do **31 de xullo ao 15 de setembro**.

As solicitudes, acompañadas de toda a documentación **presentaranse no Rexistro Xeral do Concello**.

8. PROCEDEMENTO:

Unha vez rematado o prazo de Presentación de Solicitudes, estas serán avaliadas pola Traballadora Social do Concello, conforme ao presente Regulamento, quen propondrá a Lista Provisional de persoas perceptoras á Concellería Delegada que a trasladará á Alcaldía/Xunta de Goberno Local quen a elevará a Definitiva, se procede.

9. PAGAMENTO:

O pagamento destas prestacións farase desde a Tesourería Municipal mediante ingreso en conta bancaria das persoas perceptoras, segundo o indicado no artigo 3, nun prazo máximo de 20 días, desde que se dite a resolución de concesión

10. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA:

O presente regulamento será publicado integramente na páxina web do concello (www.pontecesures.org) e realizarase difusión do mesmo a través de Bando aos efectos de garantir o coñecemento público da convocatoria.

Pontecesures, 27 de xullo de 2017.